



INSTRUCCIÓNS PARA AS PERSOAS ASPIRANTES PARA A REALIZACION DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICION DO PROCESO SELECTIVO POLO QUE SE CONVOCAN 13 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A POLO SISTEMA DE QUENDA LIBRE, DA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO C1) C.E. 9/24 (BOP NÚM. 171 DO 5 DE SETEMBRO DE 2024)

1. O exame realizarase nas follas individuais autocopiativas facilitadas para o efecto polo Tribunal.
2. En primeiro lugar encherase a solapa de datos co nome, sinatura e DNI, segundo se indica na folla.
3. A parte posterior da folla de exame inclúe unhas breves e precisas instrucións. Léaas atentamente para entender o seu funcionamento: como marcar a resposta elixida e o procedemento de anulación dunha resposta por outra (ler esta parte posterior).
4. As persoas opositoras deberán absterse de asinar ou consignar calquera dato ou sinal identificativa nos impresos postos a súa disposición. Calquera marca que poida inducir á identificación individualizada da proba e que impida o anonimato carrexará a expulsión da proba.
5. O exame cumprimentarase con bolígrafo de tinta normal de cor **azul ou negro**.
6. Cada unha das preguntas deberá contestarse no apartado correspondente das follas de exame, non sendo válidas as anotacións feitas fora do mesmo. Preste atención cando marque as respostas no impreso facilitado pois non se facilitará outro.
7. O exercicio será cualificado cunha nota final de **0 a 30 puntos**, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 15 puntos para superalo. Corresponderalle ao tribunal determinar a puntuación do cuestionario esixida para alcanzar esta nota mínima. Por cada resposta correcta outorgarase un punto. **Por cada resposta incorrecta descontaranse 0,25 puntos**. As respostas en branco ou nulas non puntúan.
8. Para a realización do exercicio dispónse de 120 minutos. **O Tribunal avisará cando falten 60, 30 e 15 minutos para a hora de finalización.**
9. No prazo máximo de 3 días hábiles desde a finalización desta proba o tribunal publicará na páxina web (www.coruna.gal) e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello a relación de respostas correctas as preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación.
10. Repartirase un cuestionario de preguntas volto boca abaixo que non se poderá volver ata que se indique. Se non ten ese material, deberá levantar o brazo e esperar a que lle atendan e lle faciliten o que necesita.
11. Durante a celebración da proba as persoas opositoras terán á vista o DNI ou documento oficial identificativo equivalente.
12. **O material innecesario para realizar a proba deberá deixarse no chan antes do seu inicio. O uso de aparellos electrónicos está prohibido, polo que deberán permanecer apagados. As persoas opositoras deberán manter, en todo momento, as orellas e pulsos descubertos, para a comprobación deste extremo. En caso de incumprimento, o Tribunal expulsará a persoa aspirante e non corrixirá o seu exame.**
13. **Calquera tipo de ausencia durante a proba supoñerá a expulsión da mesma**, agás no suposto de entrega do exercicio. Non obstante, o tribunal poderá apreciar a concorrencia de circunstancias médicas, como no suposto de mulleres embarazadas, toma de medicamentos, ou similares, que fagan necesario que a persoa opositora teña que ir ao baño.
14. Para calquera incidencia haberá que levantar o brazo e esperar a que un membro do Tribunal ou do persoal colaborador se achegue.
15. **Non se poderá abandonar a sala ata que non transcorresen os primeiros 30 minutos**
16. Unha vez finalizado o exercicio, a persoa opositora deberá levantar o brazo para comunicar esta circunstancia ao tribunal. A continuación, un membro do tribunal ou do persoal colaborador achegarase ao seu posto para proceder á recollida do exame. Procederase a separar a folla principal da copia do exercicio, entregarase a copia á persoa opositora e faráselle entrega dun xustificante de entrega do exame.
Este xustificante deberá ser depositado na saída para poder abandonar o recinto.
Até ese momento, a persoa opositora deberá permanecer no interior da sala.
17. As persoas opositoras poderán solicitar un certificado acreditativo da súa presentación ao exercicio.